

Evaristo Correa Calderón, a consolidación do nacionalismo galego e a introducción do vangardismo poético na literatura galega

Xulio Pardo de Neyra

RESUMO Percorrido polo labor de Evaristo Correa Calderón dende a súa dobre dimensión de nacionalista e vangardista. Pardo de Neyra destaca a súa participación na conformación do asociacionismo galeguista primeiramente en Lugo e logo en Madrid, onde ademais entra en contacto coas principais teorías de vangarda. Alude tamén ao seu periplo polo Madrid de comezos de século destacando a súa amizade co sevillano Rafael Cansinos Assens e a súa incorporación aos grupos, faladoiros, cenáculos e publicacións de signo vangardista, así como á súa proxección e contactos coas vangardas portuguesas e francesas. Estes datos levan ao autor do estudo a situar a Correa Calderón como o intelectual galego cun papel máis relevante na construción dunha tendencia renovadora da literatura galega de comezos de século.

23

ABSTRACT P de N examines ECC's life and works from two perspectives: on the one hand, that of his Galician nationalism; and on the other, that of his membership of the avant-garde movement. He emphasises ECC's role in the establishment of the Galician co-operative movement, first in Lugo, then in Madrid, where he comes into contact with the avant-garde mainstream. We are shown ECC's involvement in literary circles in Madrid in the early 1900s, and his friendship with the Sevillian Rafael Cansinos Assens is highlighted; as is his participation in the meetings of avant-gardiste groups, in literary clubs and publications, and his outward-looking establishment of contacts with the French and Portuguese avant-garde. This accumulation of data allows the author to consider ECC as the Galician intellectual with the most important role in the construction of a modernizing trend in the literature of Galicia at the beginning of the last century.

1. Introducción

Lugo-Ourense. Finais dos anos dez do século XX. Baixo estas dúas coordenadas, unha espacial, que reúne dúas das entidades xeográficas da Galicia interior, e outra temporal, apareceu consolidado tanto o primeiro nacionalismo de Galicia coma o prístino proxecto vangardista da literatura galega.


Tanto Lugo coma Ourense posúen semellantes características: as dúas poboacións xurdiron tras cadanseu asentamento romano e nelas actuou un tradicionalismo derivado da actitude regresiva exercida por elites pertencentes ben ao dominio eclesiástico, ben a un xa extinto grupo fidalgo procedente do agro e intensamente aliado coas súas autoridades episcopais.

Mais malia o reaccionarismo das dúas prazas, nelas desenvolveuse un ambiente óptimo para a articulación e a recepción do interese dunha nación galega que comezaba a se denominar polo seu nome propio. Aquela Galicia de comezos do século XX, como xa fixera coa asunción dos canons literarios do lirismo cortés medieval, volvería experimentar un avance que novamente a situaría dentro da vangarda internacional.

Se o núcleo da levítica Ourense produciu o faladoiro do *Café Royalty*, que constituíu un dos piares formativos da nova dimensión galega, no Lugo daquel mesmo intre apareceu o interese político e literario dun mozo en plena formación. O seu nome é Evaristo Correa Calderón (Penarrubia, Neira de Xusá, 1899-Póboa de Trives, 1986), un rapaz asentado na cidade de Lugo, procedente dunha parella órbita social derivada dos anteriores *nobres de sangue* rurais dos que así mesmo procedían os ourensáns Risco, Losada, Otero ou Cuevillas, e que, tamén paralelamente á formación dos membros do cenáculo ourensán, atopaba as súas raíces no seo do modernismo.

Antes de actuar en Lugo, Correa compartiu contactos e ilusións cos padroeiros da empresa *La Centuria*, efémera publicación onde a literatura galega, aínda en castelán, se orientaba cara ao post-modernismo. Despois, os seus inquietos experimentos baixo a posterior dirección vangardista que encontraría en Madrid motivarían a entrada e o ascenso da literatura de Galicia ás empresas máis anovadoras do momento: *Los Quijotes*, *Proa*, *Manomètre* ou *Transit*.

Emporiso as devanditas direccións que procuraban consolidación política, ruptura e creación literaria, cobraron precisión a través do labor do Correa Calderón de tal período fundacional. O interese daquel, xa que logo, apareceu dominado pola entrega, o compromiso e a re-codificación á lingua galega da recepción daquelas experiencias foráneas.



2. A dobre dimensión dun Correa situado nas vangardas galegas

2.1. O Correa nacionalista

Evaristo Correa Calderón accedeu ao protagonismo do primeiro asociacionismo da Galicia pioneira do nacionalismo por medio de José Vega Blanco, un dos fundadores da *Real Academia Gallega*, ao que atopamos entre os organizadores da primeira *Irmandade da Fala*, a herculina, e un dos individuos portadores do discurso rexionalista de tránsito de século. Vega Blanco, ademais, era o por entón director do xornal lugués *La Idea Moderna*.

25

Desta forma, un Correa de dezaseis anos apareceu vinculado xa con nome propio dentro do elenco xornalístico dese lucense *La Idea Moderna*, o xornal máis progresista e con maiores preocupacións culturais do Lugo dos primeiros anos do século XX (Carré Aldao, 1917: 43). A este diario, posteriormente, o escritor de Neira levará as sinaturas de destacados intelectuais españois, como Rafael Cansinos Assens ou Ramón Gómez de la Serna, dous dos principais motores e organizadores de cadanseu núcleo de faladoiros madrileños nos que Correa descubriu as novas tendencias da literatura europea de fins da segunda década de tal século.

Vega Blanco, un dos máis estreitos amigos e colaboradores de individuos como Manuel Martínez Murguía, Francisco Tettamancy Gastón ou Manuel LUGRÍS Freire, delegou no impulsivo Correa Calderón á hora de organizar dous dos acontecementos claves para o posterior desenvolvemento do nacionalismo lucense e galego: a xuntanza de 28/01/1917, celebrada no *Lugo-Salón*

da rúa Aguirre, e a propia asemblea constitutiva do nacionalismo de Galicia, a da *Irmadade da Fala de Lugo*, organizada no *Hotel Méndez Núñez* da rúa da Raíña o ano seguinte.

No primeiro dos acontecementos referidos é onde atopamos o primeiro protagonismo dun Correa nitidamente galeguista, malia que incluído nun galeguismo aínda denominado rexionalismo. Precisamente por medio das páxinas do devandito xornal lucense sabemos que o acto de afirmación galeguista do *Lugo-Salón*

comenzó (...) con la lectura de unas cuartillas, suyas, por el Sr. Calderón (Evaristo Correa), escritas en el dulce lenguaje regional, con esa galanura habitual de nuestro asiduo colaborador, quien a pesar de ser ayer la primera vez que se presentaba ante un público tan selecto y no obstante su juventud, patentizó sus admirables aptitudes literarias y su amor férvido a Galicia, cuyas bellezas cantó, bosquejándolas, con peculiar estilo elegante, florido, poético.

La concurrencia aplaudió mucho a nuestro compañero y la “Hirmadade da Fala” tuvo para él elogios valiosos, reconociendo su gran valía (*La Idea Moderna*, 1917).

26

Dende as liñas do liberal dinástico *El Progreso*, outro dos medios xornalísticos do Lugo de comezos de século, a reflexión sobre a xuntanza galeguista de 1917 celebrou así mesmo a presenza do por entón mozo afervorado galeguista Correa Calderón, que defendeu un relatorio aparecido nas páxinas de *A Nosa Terra* (1917a: 2), polas que foi cualificado como pertencente ao “primeiro mitin galeguista” da historia da nación:

a las tres y media, se descorrió el telón del cine de la puerta de Aguirre y aparecieron los organizadores del mitin en el escenario. Hubo unos cuantos aplausos.

Primero, leyó Correa Calderón unas cuartillas escritas en gallego. Tan sentidas, tan redondeaditas, tan mimosas como todo cuanto sale de la pluma romántica de Correa... Aplaudió mucho el concurso... Correa escribe bien, y tiene una merecida aureola de “niño prodigio”... Los públicos suelen mirar esta circunstancia, que no precisaba mirarse en el caso de Correa, porque para quien la leyera sin conocerlo, también sus cuartillas habían de provocar ovaciones (*El Progreso*, 1917).

Pero se a entidade daquel mozo Correa apareceu definida con forza en 1917, no acto previo do asociacionismo nacionalista de Lugo, non con menor intensidade aparecería a través da mesma organización e promoción da *Irmadade da Fala de Lugo* e do seu acontecemento constitutivo (Paz-Andrade, 1982: 156). Non en van Correa xa se vira involucrado, pouco antes e cun grupo de amigos neireses, na xestación e creación da *Irmadade Galega de Baralla* (Pardo de Neyra, 1999), inmersa no útil aparato previo que conduciu ao acto asembleario dese Lugo nacionalista de 1918 (Pardo de Neyra, 2000).

Momentos antes da constitución do grupo lugués, dende as liñas de *A Nosa Terra* as queixas arredor da necesidade do establecemento dunha *irmadade* luguesa foron motivo de constante alusión (*A Nosa Terra*, 1917b, 1917c e 1917d). Por iso, á par da delegación de Vega en 1917 nun Correa mozo xa por ese tempo referido como promesa pola intelectualidade galeguista da nación, a propia preocupación inmediatamente posterior do neirés serviría como canle de constitución e organización da específica conformación lucense. Daquela, entón, dende esa tradicionalista cidade de Lugo, intimamente estreitada co despotismo dun caciquismo liderado por Besada (*A Nosa Terra*, 1917d), as verbas do Correa de 1917 loaron a entidade dos seus “homes novos” baixo unha etiqueta xa conscientemente nacionalista (Correa Calderón, 1917d). Como vemos, Evaristo non facía máis que inaugurar a petición de *A Nosa Terra*.

27

O 12/01/1918, por tanto, quedou constituída a *Irmadade da Fala de Lugo*, sendo o paso precedente para a tal asemblea nacionalista que se ía celebrar no novembro seguinte no emblemático *Hotel Méndez Núñez* da cidade. Un mes despois da celebración dese acto nacionalista, tamén contando coa presenza do escritor de Neira, Lugo viviu a creación da *Irmadade Nazionalista de Lugo*, da que o posteriormente *ronsel* Xesús Carracedo sería o seu ‘primeiro conselleiro’ (Pardo de Neyra, 2000). Este grupo daría contas dos xa asumidos programas do nacionalismo galego.

A partir da asemblea de Lugo, o labor do intelectualismo de Galicia observaría sen descanso o que o propio regulamento das *Irmadades* recollía no seu articulado: “todo por Galicia e pra Galicia (...) Pol-o tanto, traballará pol-a difusión da cultura científica, literaria e artística de Galicia en todol-os ordes” (*Regramento das “Irmadades da Fala”...*, 1918: 3-4). Esta máxima, non obstante, ía ser a asumida polo Correa Calderón de despois de 1917. E por ela é pola

que se identifica ao escritor de Neira de Rei cun dos máis activos líderes do primeiro galeguismo nacionalista de Galicia.

No outono de 1917, coa intención de estudar Filosofía e Letras na Universidad Central, Correa instálase na Residencia de Estudiantes madrileña. Nesta cidade o neirés habería promocionar un semellante movemento asociativo de carácter galeguista, dada a numerosa e importante presenza dun grupo de galegos asentados en Madrid. Este grupo, no que a presenza de Correa foi definitiva, estableceuse arredor da *Irmandade da Fala de Madrid (A Nosa Terra, 1917e, 1917f)* e, xa polos anos vinte, na *Xuventude Céltiga*, despois chamada *Mocidade Céltiga (A Nosa Terra, 1921a)* e da que, amais de ser animador en 1920, Correa foi o seu “conselleiro segundo” antes da súa expulsión a carón de Paco Fariña (Piñeiro, 1981: 282-283; González López, 1981: 349-350).

Pero foi a partir de decembro de 1917 cando Evaristo fixo abertos chamamentos de carácter nacionalista, enchidos dunha estética de corte violenta, rupturista e, en todo momento, confirmadores da súa adhesión aos canons vangardistas. Por eles Correa fixo a súa entrada na nómina pioneira do nacionalismo máis progresista da segunda década do século XX. Para tales fins seguiu a se valer das páxinas de *La Idea Moderna* de Lugo, ademais de utilizar o vehículo xornalístico do galeguismo do momento: *A Nosa Terra*.

Dende Madrid organizou e dirixiu a senlleira “Páxina Nazionalista” de *La Idea Moderna*, pioneira do activismo cultural-nacionalista de Galicia (*A Nosa Terra, 1918*). Á vez, e tamén dende a Residencia de Estudiantes madrileña, enviou para *A Nosa Terra* a colección “Poemas sinxelos”, o primeiro documento do vangardismo poético da nación, que habería complementar coas series “Poemas da Esaltazón”, incompleta e máis afundida nos exercicios post-modernistas de carácter bohemio¹, e a coñecida “Berros de Loita”, con marcadas intencións de integrista nacionalista.

¹ Esta serie, que Correa unicamente inaugurou en idioma galego coa peza “A carne” (Correa Calderón, 1918b), sería obxecto de publicación en castelán na revista madrileña *Los Quijotes*, pola que comprobamos a súa fondura literaria conectada con consciencia nos faceres modernistas de Darío e bohemios de Carrère. Precisamente con “Los Poemas de la Exaltación” Evaristo iniciou en outono de 1917 a súa andaina literaria madrileña. En *Los Quijotes*, pois, viron a luz os poemas “La Noche” (nº 64, de 25/10/1917), “La Muerte” (nº 65, de 10/11/1917), “La Carne” (nº 66, de 25/11/1917), “El Otoño” (nº 67, de 10/12/1917), “El Éxtasis” (nº 76, de 25/04/1918), “El Mármol” (nº 78, de 25/05/1918), “La Rosa Carnal” (nº 80, de 25/06/1918) e “Alma mía ...” (nº 84, de 25/08/1918).

Finalmente, a derradeira achega que Correa incluíu no programa político-cultural das *Irmandades* galegas foi *Margarida a do sorriso d'aurora*, obra publicada trala inclusión de Evaristo nos medios galeguistas da Compostela dos anos vinte pola Editorial Nós de Ánxel Casal en 1927. Esta peza, o primeiro conto infantil da literatura galega, reuniu, amais daquel aínda mantido criterio de axuda e inmersión no panorama galeguista do momento, o da aproximación co mundo da pedagogía, comezado por Correa dende a súa orientación profesional como docente e xa amosado en *Notas para un magisterio idealista*.

2.2. O Correa vangardista

O compromiso estético de Evaristo Correa Calderón abriuse camiño baixo as indicacións nacionalistas anteriormente referidas e por medio dun específico diálogo 'arte'-'literatura' que, ademais de encerrar unha intención de carácter vangardista, foi obxecto do seu propio labor como crítico de arte en Madrid.

Este ideal, en tempos posteriores ía callar na empresa de vangarda *Ronsel* de Lugo, cualificada polo mesmo Correa de 1924 como "Revista de la Nueva Generación Gallega". Por esta publicación Evaristo vai ser coñecido como un dos vangardistas da literatura galega. Mais o protagonismo vangardista de Correa Calderón débese a tempos anteriores, e aínda que *Ronsel* apareza como un dos proxectos máis innovadores dos anos vinte, por aquelas datas o escritor de Neira de Rei abandonara xa abertamente o engado dos ismos, sendo, sen embargo, aquel mencionado subtítulo, segundo dos que posuíu a revista lucense, un dos elementos que formaron parte do propio programa vangardista de Correa, que xa enarboraba o sintagma *nova xerazón galega* para os intelectuais galegos preocupados por dotar a cultura da súa nación dunha específica canle de orientacións estéticas anovadoras e sempre baixo as consabidas pautas do nacionalismo galego.

Como sinalei, no outono do 17, Evaristo asenta en Madrid. O aloxamento elixido pola súa familia non foi outro que a prestixiosa Residencia de Estudiantes de El Pinar, pertencente ao proxecto educativo do institucionalismo español e ao que Correa accedeu en virtude da dirección intelectual de varias familias da máis influente sociedade luguesa (os Pimentéis, os Montenegros, os Bales, os Alvarados) e por mor do labor despregado polo Dr. Juan López Suárez, *Xan de Forcados*, no instituto lugués.

Correa Calderón, daquela, apareceu instalado na Residencia de Estudiantes en 1917, aínda que pouco despois compartise apartamento na Plaza del Ángel madrileña con outros compañeiros (Ignacio Rodríguez Varela, Xavier Bóveda), cos que ademais iniciou unha orientación estética post-modernista aproximada á bohemia (cf. Bonet, 1996: 10)².

Naquela Residencia de Estudiantes, Evaristo atopou o agarimo dun Juan Ramón Jiménez que lle valería para a entrada no núcleo literario da *tertulia* ramoniana do *Café de Pombo*, espacio que trocaría a continuación polo dos faladoiros levados por Rafael Cansinos no *Café Colonial*. Con este último compartiría a ilusión do ultraísmo, exercicio que nese mesmo ano achegou á literatura de Galicia como a primeira proba dun ben asimilado aperturismo vangardista con arelas universalistas, o que vai colocar á literatura galega á par das tendencias máis anovadoras da Europa do momento.

2.2.1. *Correa Calderón (Celta) ou el Poeta de la Ciudad Antigua nos cenáculos ultraístas españois*

30 Se por unha parte, o nacionalismo de Correa Calderón é definitivo para unha re-lectura da elaboración do asociacionismo galeguista do tempo das *irmandades*, pola outra o seu convencido vangardismo é de necesaria inclusión dentro da literatura de Galicia. A este respecto, Evaristo Correa debe ser situado como o primeiro vangardista galego e precisamente a súa primeira inclusión nas letras de Galicia revélase como canle da introducción das teorías das vangardas madrileñas e europeas.

Aínda que a través de *Ronsel* Evaristo levase a súa cidade de adopción, Lugo, ao porto simbólico da recepción das vangardas dos anos vinte (malia que o propio director da publicación luguesa negase, andando o tempo, ese carácter vangardista; Correa Calderón, 1975: 23), como dixen, a importancia do escritor de Neira no espacio das novas tendencias estético-literarias non pode ser situada nos tempos da revista luguesa.

² O labor vangardista do ultraísta galego Xavier Bóveda, xurdido tralos seus contactos madrileños con Cansinos e Correa, non pode ser deslindado totalmente do seu exercicio bohemio. Desta forma, pois, Bóveda, "hijo de la naturaleza pervertido por la literatura bohemia de Carrère" (Phillips, 1999: 122), formou cun Correa Calderón tamén derivado do modernismo literario un tímido facer bohemio que o fixo ser caracterizado como o *derradeiro poeta da bohemia madrileña*. O poema "Psalmos a unha muller qu'endexamais ha de ser miña", pertencente á serie dos "Poemas sinxelos", por exemplo sitúa a Correa como produto dos devaneos bohemios establecidos nese Madrid dos anos dez a través do grupo de seguidores de Cansinos e admiradores de Carrère.

Por un lado, 1924 foi unha data na que Correa xa rexeitara abertamente os seus coqueteos cos ismos (cf. Bonet, 1995: 15); por outro, naquel tempo da experiencia ronseliana abandonara xa o seu compromiso nacionalista para, sen embargo, abandeirar unha intención de marcada inclinación aperturista de raíz e pousos así mesmo vangardistas. O seu valor, por ende, reside na súa inclusión no panorama poético das vangardas da nación no mesmo tempo fundacional do vangardismo español.

A importancia de Evaristo neste momento, polo tanto, é moito máis destacada do que cremos. Despois, quizais froito da incomodidade por representar no Madrid do momento un baluarte galego de constante defensa nacionalista, polo que mesmo sería criticado por *Ramón*, por ser destinatario das críticas dun Cansinos que abandonaba o *movemento ultra* e por non asumir os criterios políticos do nacionalismo na Galicia dos anos vinte, posteriormente Correa apareceu liderando un compromiso semellante ao do seu amigo Risco: o dun atlantismo que, sen embargo, non consideraba a Galicia e á súa lingua como principal destino (Pardo de Neyra, 2000). As críticas que, por iso, recibiu das propias instancias galeguistas finalmente serviron para o abandono da actividade e do compromiso nacionalista. O terror derivado da sublevación militar de 1936 faría o resto, situando a Correa na órbita dos intelectuais galegos de máis feble memoria ou decidida submisión aos canons falanxistas (Cunqueiro, Gayoso Veiga, Montes, Filgueira).

31

Así pois, a xuízo de Gómez de la Serna, aquel Correa nacionalista en Madrid apareceu como:

CORREA-CALDERÓN.- “Correa-Calderón, crítico de Arte” es como presentamos a este galleguito que tuvo noches difíciles, aún con su tono hiperbóreo y suave. El nacionalismo incipiente y fervoroso de estos cuantos gallegos jóvenes (en alusión a Correa, Montes, Bóveda e Rodríguez Varela), tiene la simpatía del tono de su habla en el lanzamiento de las argucias, que no tiene el catalán, que al lanzar esos mismos conceptos los hace más abruptos.

“Correa-Calderón, crítico de Arte”, le volvemos a presentar a los que llegan. Detrás de sus finas gafas de oro tiene esas miradas de soslayo que sólo saben poner las viejas aldeanas que hacen calceta y no quieren variar la posición de su cabeza aunque tengan que variar la de sus ojos para atender a la llamada de alguien.

Correa-Calderón tiene un buen tono persuasivo, y cuando se equivoca casi lo reconoce y resbala haciendo flautas con su voz.

Con su gran tipo celta, pone una nota aldeana, norteña, montañesa, en la reunión. Está como sentado en un altozano, con la cabeza apoyada en sus manos, sostenidas por la cayada. Está como abrumado por su morriña insubsanable, por el sueño de conquistas de vellocinos y grados, y por el peso de su gran sombrero de pastor, de alas mustias y acanaladas por el agua (Gómez de la Serna, 1986: 493).

O periplo de Correa polo Madrid de comezos de século é unha das máis interesantes viaxes feitas por un intelectual galego. O momento, paralelamente, non podía ser máis idóneo. Xa que logo, nese espacio madrileño, o propio marco no que asentou este lugués de Neira non puido ser mellor para un rapaz preocupado polas novidades e decidido pola experimentación dunhas novas tendencias literarias xa coñecidas por medio do xornal lugués no que colaboraba, *La Idea Moderna*. Na Residencia de Estudiantes, por tanto, os contactos establecidos con rapaces como García Lorca, Moreno Villa, os irmáns lugueses Pimentel, Alvarado, Buñuel, Jiménez, Martínez Torner, Prieto Bances, Lasso de la Vega, Martínez Barbeito, Madariaga, Negrín, Comás ou Jiménez Fraud, ían ser definitivos.

32

Mais, se definitiva foi esa institución, pola que accedeu á amizade dun Juan Ramón residente e en vésperas de casar, non menos relevante é a súa incorporación aos grupos de *Ramón* e Cansinos ou a súa entrada nas nóminas de redactores de empresas como *Los Quijotes*, *La Ilustración Española y Americana*, *La Esfera*, *Grecia*, *Hoy*, *Cervantes* ou *Cosmópolis*, onde se atopaban os individuos máis interesantes e senlleiros do aparato de renovación estético-literaria da época: Tono, Puche, Penagos, Peña, Vázquez Díaz, Garfias, Zubillaga, Torre, González Olmedilla, Ochoa, Bartolozzi, etc.

A xuntanza do *Café de Pombo* situado na zona madrileña de Sol acolleu a un rapaz galego que axiña foi referido dentro do círculo vangardista español por amosar o seu interese diferencialista, nacionalista. Tal momento, pois, foi o dun madrileño *Correa-Calderón (Celta)* que asinaba no libro de sinaturas de *Pombo* a carón dos tamén galegos Manolo Bujados, Julio Camba, Xavier Bóveda, Castelao, Vicente e Manuel Risco, Eladio Rodríguez, Montes, López Díaz, Antón Losada, Antonio Nogueira, Julio J. Casal, Casiano Díaz Moreno, Alberto Insúa ou Victoriano García Martí (Gómez de la Serna 1986: 535-536).

Á par, por este cenáculo intimou con Alberti, Bacarisse, Neville, Ciria y Escalante, Abril, Pepe e Manolo Gutiérrez-Solana, Díez-Canedo, Reyes, Paco Vighi, Espina, Marichalar, Arniches, Hoyos, Larraya, Pérez Rubio, Conrado del Campo, Viladrich, Vando-Villar, Pérez Dolz, Muguiro, Argüelles, Petit, Miró, Bergamín, Chabás, García Valdecasas, Maeztu, López-Montenegro, Spottorno ou Luca de Tena.

A continuación, e antes do seu ingreso nos faladoiros do *Salón de té La Granja del Henar* (polo que coñecería a súa primeira esposa), Evaristo seguiu a un Cansinos que iniciaba os seus propios faladoiros no *Café Colonial* da zona do viaducto, decisivos para a aparición do *movemento ultra* e a revista Grecia. Con el participarían Montes, Vando-Villar, Garfias ou Rivas Panedas, membros decisivos na constitución do ultraísmo español. Esta segunda fase foi a de el Poeta de la *Ciudad Antigua*.

A propia partida de defunción do ismo de Cansinos, a obra *El movimiento V.P.* de 1921, recolleu a un Correa Calderón caracterizado a través da seguinte percepción:

y el Poeta de la Ciudad Antigua suspiró también:

– Yo soy el cantor de las esquinas de la ciudad, que sostienen las ramerías, como esos ángeles custodios que sustentan torres con sus costados. Desde que vine de la aldea, expreso en mis rimas el deslumbramiento primero con que cegó mis ojos la ciudad. Canto la belleza de la ciudad que contemplo en los espejos de los cafés, la velocidad vertiginosa de estas imperiales rojas de ómnibus en que estamos sentados y el amor de esas mujeres que no me miran. Canto la tristeza del poeta hundido en los divanes de los cafés urbanos. Y no podría cantar otra cosa (Cansinos Assens, 1998: 59).

Bonet (1978) desvelou parte da nómina que Cansinos reflectiu no seu *El movimiento V.P.: el Poeta de los Mil Años* está referido ao propio autor da novela, *el Poeta Rural* é Bóveda (duramente criticado a través do documento e, de forma semellante á de *el Poeta de la Ciudad Antigua*, caracterizado en virtude da súa procedencia rural, o que Correa utilizou en numerosas ocasións; cf. Correa Calderón, 1920d), *Sofinka Modernuska* é Sonia Delaunay, *Senectus Modernissimus* posúe as características do galego Valle, *el Crítico Más Viejo* ou *el Crítico de la Raza* é Luis Astrana Marín, *el Primer Poeta Mendigo* é Pedro Luis de Gálvez, *Renato* é Huidobro e *el Poeta Más Joven* recolle as características de

Guillermo de Torre. Para *el Poeta Bohemio* e *el Poeta Maldito*, Bonet apuntou a posibilidade de encerraren, a carón do resto de *contertulios* do *diván rojo*, a Euxenio Montes, Rogelio Buendía, Pedro Garfias, Rivas Panedas, Eliodoro Puche, César Comet, Ciria y Escalante ou Rafael Lasso de la Vega (sinalando que *el Poeta Maldito* é Puche, *el Poeta Bohemio* y *Romántico* corresponde ao *marqués de Villanova*, *el Poeta de Ayer, del Mañana y del Pasado Mañana* é Juan Ramón e *el Poeta Subjetivo* representa a Comet).

Á restrá de escritores localizados por Bonet convén engadir que *el Poeta de la Ciudad Antigua* é Evaristo Correa Calderón, asumido arredor de criterios conducentes a unha cidade antiga (Lugo; cf. Otero Pedrayo, 1929: 114) e salientado a través das súas orientacións literarias de motivacións amorosas, afundidas nas prácticas modernistas rubenianas, nas post-simbolistas da escola francesa e nos ecos da actitude bohemia que, como deixei constancia, compartiu co tamén galego Bóveda.

34 Nada sinalou Cansinos ao respecto do nacionalismo desenvolvido polo Correa de 1920. Mais o que si aparece nesa imaxe de *el Poeta de la Ciudad Antigua* é a procedencia aldeá do escritor, así como a sublimación dunha cidade “antigua”, Lugo, que posúe os ecos provincialistas elaborados polo Correa de *La Idea Moderna* (programa lírico de enorme utilidade para a poesía posterior dun lugués Luís Pimentel formado por Evaristo) e que procede dunha visión mantida a través da irreverente imaxe –irreverente segundo a óptica tradicionalista– das rameiras que sostíñan as “esquinas de la ciudad”. Esta circunstancia provén do erotismo case pornográfico defendido polo Correa de *La Idea Moderna* e *Grecia*, ben coñecido de Cansinos.

Por outro lado, non deixa de ser curioso que Lugo, a referida “Ciudad Antigua”, fose precisada polo Cansinos de *El movimiento V.P.* baixo un símil que agachou a comparanza das “rameras” con “esos ángeles custodios que sustentan torres con sus costados”. Para iso o sevillano utilizou as indicacións dun Evaristo Correa ao respecto do escudo da cidade galega, no que unha torre aparece *flanqueada* por dous *leóns rampantes* e *surmontada* por dous anxos, os *anxos custodios da cidade*, figuras heráldicas que gardan a hostia simbólica da sé de Lugo. Por tal circunstancia, a relixiosidade do lugués, por veces tomada para elaborar mesmo unha provocación, nunha típica actitude rupturista de vangarda, tratou de ser asemellada ás “rameras”, outra das recorrencias presentes nas pezas do Correa deste momento (cf. Correa Calderón, 1918h e 1919b).

El Poeta de la Ciudad Antigua é caracterizado como chegado “de la aldea” e como deslumbrado por “la ciudad”, proba do seu carácter de vangarda, que compartiu así mesmo cos galegos Montes e Bóveda, e do seu exercicio literario dirixido á exaltación da “belleza de la ciudad que contemplo en los espejos de los cafés, la velocidad vertiginosa de estas imperiales rojas de ómnibus en que estamos sentados”. Amais de ser cualificado, insistentemente, como cantor do “amor de esas mujeres que no me miran”, recorrencia literaria que xa fora usada dende o primeiro artigo de Evaristo Correa (Correa Calderón, 1915), paralelamente, o que así mesmo identifica a Evaristo co personaxe de Cansinos, o privilexio da “tristeza del poeta perdido en la ciudad, la inmensa amargura del poeta hundido en los divanes de los cafés urbanos” adxectiva ao poeta galego omnipresente nos cenáculos do Madrid das vangardas, ademais de significar a confesada por Correa saudade que lle produciu o afastamento da súa nación, motivo presente xa dende a caracterización de Castela como espacio estranxeiro (cf., por exemplo, Correa Calderón, 1917a, 1917b e 1918f; escritos polos que asistimos á primeira viaxe do escritor ao espacio no que definitivamente asumiría os ismos).

Mais se Cansinos Assens utilizou conscientemente a entidade vangardista do Correa Calderón de 1920, sería nas súas memorias onde ía destacar a entidade nacionalista do escritor de Neira de Rei:

Bóveda no cae en el extremo separatista de su paisano Correa Calderón, un universitario con lentes, que niega todo lo ibérico, se declara gallego *enxebre*, palabra que explica con sutilezas metafísicas, es miembro de *A Irmandade da Fala* y escribe artículos en gallego, con ayuda del diccionario (Cansinos Assens, 1996: 155).

Para esa lembranza, o creador do ultraísmo español preferiu salientar o activismo nacionalista do Correa da mesma época da publicación de *El movimiento VP.*, nacionalismo que en tales momentos despregaba un intenso estreitamento co panorama e a cultura de Portugal, de aí que aparecese a precisión “escribe artículos en gallego, con ayuda del diccionario”.

O criterio dun Correa crente na alianza Galicia-Portugal como vehículo de definitiva escisión do binomio Galicia-España (cf. Correa Calderón, 1928b) foi tan contundente por aquelas datas que a identificación lusitanista da súa propia intención lingüística levou ao de Neira a ser un dos máis insistentes intelectuais da práctica reintegracionista que a lingua galega viviu a comezos

de século. Deste xeito, e seguindo o exemplo de *La Gaceta Literaria*, medio ao que Evaristo levou o seu idioma xa dende o seu primeiro número (Correa Calderón, 1927a), esta dirección lingüística aparece constatada, á vez que aclara a presenza do neirés polas empresas xornalísticas de máis entidade literaria da España da época, a través da grande alianza que mantivo mesmo co mundo vangardista portugués, o que deu os seus froitos na inclusión dun Correa Calderón participante dos faladoiros literarios de Porto e destacado membro de empresas como *Tríptico*, *Seara Nova* ou *Descubrimiento*. Nesta última revista foi onde coordinou unha das primeiras antoloxías líricas do vangardismo da literatura galega, especificamente centrado en autores lugueses ou con fonda conexión coa cidade das murallas romanas.

Finalmente, logo de salientar a destacada proxección dun Correa nacionalista e vangardista, non debemos esquecer que precisamente pola súa introducción nos medios máis anovadores de Madrid, neste caso falo concretamente da redacción de *Los Quijotes*, as xuntanzas do *Pombo* e a Residencia de Estudiantes de El Pinar, Evaristo asinou un interesante poema automático que parte do grupo vangardista do *Colonial* madrileño, a carón de Borges, Montes, Garfias, Luque, Walton e Torre, enviou a Tristan Tzara ao París de 1921 (Bonet, 1996: 33). Máis tarde, e tamén como froito desa estela vangardista, Correa participou da experiencia das vangardas francesas a través do *grupo de Lyon* e o *suridéisme*, da súa presenza na dirección da revista *Transit* e dos seus contactos co grupo parisino dos surrealistas de Montmatre, onde coñeceu a Breton e a Aragon.

Por todo o subliñado, e antes de pasar a analizar o vangardismo dun Correa introductor das tendencias das vangardas españolas, a figura de Evaristo Correa aparece xa situada como a do intelectual galego de máis utilidade na construción do aparato renovador da literatura galega de comezos de século, así como a do vangardista galego de maior entidade e proxección internacional do tempo inmediatamente posterior á creación do aparato ideolóxico nacionalista de Galicia.

2.2.2. Correa Calderón e a introducción das tendencias de vangarda na literatura galega: os “Poemas sinxelos” como documento inaugural do vangardismo galego

O poemario “Poemas sinxelos” debe ser interpretado como definitivo á hora de articular a introducción das tendencias de vangarda na literatura de

Galicia. Apareceu por enteiro nas páxinas de A Nosa Terra durante 1917-1921, anos nos que Evaristo Correa Calderón era un dos membros que compoñían a nómina de redactores do boletín coruñés (Correa Calderón, 1917c, 1918a, 1918d, 1920b, 1920c, 1920e e 1921b)³. Por iso, tralas súas aproximacións ao vangardismo dos cenáculos madrileños e sempre en virtude da súa ideoloxía nacionalista, decidiu entregar ao sistema no que el se integraba a primeira pedra do edificio das vangardas de Galicia.

Se sinalai que a serie foi produto da inmersión do neirés no ambiente máis explosivo do Madrid de finais da segunda década do século XX, así mesmo debe ser considerada como froito dos coqueteos vangardistas que un Correa deslumbrado pola entidade dos grupos madrileños realizou a través dunha pose que, amais de orientacións nacionalistas, incluía dictados esquerdistas enchidos de radicalismo e arelas a prol do rupturismo e da innovación no seo da súa propia literatura. Mais aínda así, tendo en conta o devandito interese vangardista daquel Evaristo, convén destacar que o poemario encerra as múltiples características da asunción particular do Correa das vangardas, non exenta de orientacións galeguistas, creacionistas, hilozoístas, ultraístas post-simbolistas e post-modernistas, mesmo lorquianas e juanramonianas, así como conectadas cos anteriores faceres dos galegos Cabanillas, Noriega, Pondal ou Rosalía.

37

O conxunto dos “Poemas sinxelos”, composto por trinta e dúas composicións organizadas en oito series ou entregas, inaugurouse en outono de 1917

³ Para a xénese dos “Poemas sinxelos” non pode ser desbotada a presenza do lugués *La Idea Moderna*, medio no que apareceron publicados algúns destes poemas (cf. Correa Calderón, 1918c e 1918e). Polas páxinas deste xornal lugués, que daquela dirixía Vega Blanco, sabemos que Correa decidiu continuar a súa serie lírica en castelán, elixindo o nome xenérico de “Motivos sencillos”, epígrafe dunha das partes do seu nunca publicado libro *Emoción* (cf. Correa Calderón, 1918g). Esta proxectada obra, da que tamén entregou ao xornal lucense máis composicións, así como as súas “Palabras liminares” (cf. Correa Calderón, 1919a e 1919c), dá constancia do decidido interese do escritor de Neira por chegar á emoción literaria a través da sinxeleza, da serenidade e da mostra das emocións humanas, seguindo os criterios de San Francisco e proponendo os labores de Tagore, Wilde, Maeterlinck, Goethe e Verlaine (algún deles escolleitos para unha das primeiras traducións que de idioma estranxeiro achegou á literatura de Galicia; Pardo de Neyra, 2000). Posteriormente, xa na década dos oitenta, Evaristo pensou na reunión de todos os seus poemas galegos no libro *Pequenos poemas en prosa*, como así comprobamos pola relación e preparación que Correa realizou nos seus derradeiros tempos de vida, xa comezada a tradución galega da súa novela castelá *De aquí a la primavera. Novela de la montaña gallega* a instancias do interese cultural de Isaac Díaz Pardo (cf. APV, secc. “Correa Calderón”).

coas pezas “O camin que se perde na serra”, “A lus lonxícu”, “O cantar d’un grilo”, “A tristura do enfermo no Outono” e “A casa e mail-o pino”. A estes seguirían os poemas “Os cabalos de coches de punto”, “O home dos cadeliños”, “A rapaciña que pasa n’automóvel”, “Un ceguiño” e “A miña tristura” (pertencentes á segunda serie), “Nostalxia”, “Primaveira”, “Arbres vellos”, “Malenconía” e “A morte pasa” (todos incluídos na cuarta serie), “O vello fala á nena das strelas”, “Stampa Insénua”, “Sensación do Xardín Botánico”, “Psalmo a unha muller qu’endexamais ha de ser miña” e “Pensamento sobor da Comtesse Mathieu de Noailles” (pezas da quinta serie), “Xardín”, “Strelas”, “O reloxo”, “Eu son un pensativo” e “A intimidade da morte” (composicións que formaron a sexta serie), “Nature Morte”, “O Morto que s’ergue”, “O istinto”, “Carnaval tráxico” e “Semana Santa” (as pezas da sétima entrega), “Paisaxe celeste” e “O cego da ocarina” (os derradeiros textos, da oitava serie).

Os caracteres que presiden a arte poética do Correa destes “Poemas sinxelos” preséntanse baixo unha estética impresionista de características vangardistas mais na que aínda non podemos asistir a unha culminación lírica de enteira vontade e práctica de vangarda, o que si vai conseguir a lírica de Manuel Antonio, sen embargo tampouco allea da exaltación etnicista típica do lirismo galego deses momentos.

38

Partindo, por tanto, dunha actitude na que a adxectivación individualiza ao corpo substantivo como motivo vital e no que ten de intransferíbel e ocasional, Correa Calderón fai presentación dunha natureza na súa propia realidade. Nesa realidade buscou e atopou os propios matices coristas da súa poética, onde couberon os referentes directos de Juan Ramón, Jammes, Maeterlinck, Laforgue, Teixeira de Pascoaes ou o referido corpo literario galego.

A dimensión impresionista foi dominada pola percepción da sensación estética que mesmo era capaz de ferir nun intre preciso. Se na pintura xa constituíra unha revolución (a ruptura coas formas canónicas e a presentación do imprevisto con pinceladas autónomas), na poesía galega non ía ter diferente repercusión: así, Evaristo Correa aplicou tales sentimentos estéticos nas letras de Galicia. O seu poema “Xardín” constitúe un útil exemplo desta arte de parella entidade cinematográfica.

E de aí as series de palabras sinxelas para designar cousas sinxelas (como sinalei, razón mesma do propio título que engloba os poemas), intención e actitude de fondas orixes machadianas.

Recollendo, entón, o desexo compartido polo rexeneracionismo do 98 (Machado, *Azorín*, Unamuno), a esperanza como problema de dimensións antropolóxicas foi pedida dende a individualidade xuvenil, á par exaltada cara á colectividade.

Polo que se refire á dimensión formal destes “Poemas sinxelos”, que é onde atopamos a entidade renovadora e vangardista do primeiro Correa Calderón, as canles máis significativas da súa dirección literaria poden ser cifradas en:

– Sinxeleza e rapidez, isto é, unha presentación sintética da actividade poética, xa apuntada e proposta dende ese seu mesmo título.

– Relevo plástico e valor visual de cada peza, fóra do seu carácter simplemente auditivo.

– Presentación dunha simultaneidade de estados de ánimo (logo proposta, dende o castelán, pola actividade lírica do vangardismo de Antonio Correa Calderón e os seus *30 poemas para los 30 días del mes de abril*), mesmo varios deles fusionados nun único estado anímico. Así, por exemplo, “A miña tristura” refire a pesadume do poeta a carón da súa asumida insignificancia real diante da grandeza do mundo, unha actitude tamén amosada por medio de “Eu son un pensativo”.

– Velocidade imaxinativa, atopada de xeito evidente en “Primaveira” ou “Malencolía”.

– Versolibrismo e supresión de puntuación (uso de espazos en branco e aliñacións quebradas), o que dota a cada composición da posesión dun ritmo unipersonal, vario, mudable, non suxeito a pautas e acomodado á estrutura individual de cada peza.

– Metaforismo de imaxes identificadas co obxecto, ao que fai seu antes de anulalo, isto é, unha presenza de metáforas noviformais que Correa unifica cun optimismo dirixido cara ao futuro e cara a un desexo de libertario carácter nacionalista.

– Presencia da temática e dos elementos da vida moderna dende diferentes ángulos (en “Os cabalos de coches de punto”, “A rapaciña que pasa n’automóvel”, “A intimidade da morte” ou “Nature Morte”), unificada cunha expresión intimista desa mesma vida cotiá, paralela ao imaxinismo do posterior

neotrobadorismo da literatura galega ou ao ruralismo desenvolvido polo Correa da época seguinte, mesmo da propia actitude cara ao esencialmente individual.

– Saudosismo e melancolía, presente xa na anterior tradición cultural galega (Pondal e Castro, por exemplo) e posteriormente na mesma dirección literaria do vangardismo de Manuel Antonio. Boas mostras desa actividade son “A casa e mail-o pino”, “A miña tristura”, “Nostalxia”, “Malenconía”, “A morte pasa” ou “A tristura do enfermo no Outono”.

– Crítica, á vez, de certos usos da tradición, como o caso de “Semana Santa”, que dá índice da intención rupturista da arte lírica do Correa de “Poemas sinxelos”.

– Presencia dunha afección polo exotismo (como en “Stampa Insénua”, “Strelas ou a referida peza “Semana Santa”), derivada do modernismo de Rubén Darío e conectada cunha raíz de corte bohemio, que vén asegurar o mantemento do modernismo de Correa e que, paralelamente, conecta á actividade do autor de “Poemas sinxelos” coa estética que por entón amosaban Risco ou o seu mestre Rafael Cansinos.

– Uso lingüístico situado nos campos sémicos da morte, dos astros (estrelas, lúa, sol, ceo; o que emparenta ao despois hilozoísta por excelencia, Luís Amado Carballo, coa tendencia inaugurada polo seu mestre e compañeiro de aulas na Universidad Central), da terra (destacando a presenza de animais, árbores, camiños e aldeas), da actitude política (na que os conceptos de virilidade, xuventude e escravitude poden ser relacionados coa mesma dirección de denuncia que Correa elaborou en “Os cabalos de coches de punto” e o que infire un desexo de ponderación nacionalista baseado nunha articulación pondaliana) ou do cotián da vida moderna (reloxos, libros, papeis nas rúas).

Polo tanto e en atención ao código estético suxerido por este Correa Calderón de “Poemas sinxelos”, asimilando estadio creativo a resultado polifónico así como á expresión independente do subxectivismo (cf. Friedrich, 1974: 21-46), a cadea de articulacións líricas feita operativa a través da expresión do conxunto destas composicións pode ser establecida da seguinte forma:

1) Un arquivo baseado na recolleita dun sistema suxerido polas impresións individuais da realidade percibida, especialmente centradas no eido do estado anímico da voz poética.

2) Un reflexo dunha actitude dirixida, por tal motivo, ao sentimento íntimo.

3) A pretensión dunha visión selectiva á vez e como contrapunto, isto é, un decidido desexo de transmisión de sensacións, de código meta-poético, canalizado por unha articulación focalizada nun cosmos receptor seleccionado (característica, así mesmo, posta de manifesto polo *ronsel* Bal y Gay de “Peregrinación al márgen”; cf. Bal y Gay, 1926: 16-17).

Esta dirección selectiva do destino do produto artístico foi matizada polo mesmo proceso de formación madrileño e vangardista de Correa Calderón, pois o sistema das vangardas supuxo un marcado esforzo proclive ás manifestacións elitistas.

4) Unha actitude creativa multiplicadora das imaxes utilizadas, conductoras, posteriormente, da extremada multiplicidade do supra-realismo poético. Creacionismo que supuxo unha aprehensión exhaustiva da fantasía como arela reveladora que tenta acadar unha ruptura entre o vello vincallo do plano real e do imaxinario (o anterior e constante diálogo lírico existente).

5) De aí o rupturismo formal co posterior logro da unidade harmónica do conxunto versal, o que induce á busca parella dun ritmo interno lírico establecido cunha plena e desenvolvida liberdade.

6) Esa liberdade, por tanto, conseguinte ao estadio antecedente, mesmo no nivel organizativo textual, foise desenvolvendo de maneira que cada peza poética viñese representar un conxunto en si mesmo, un cosmos pechado, tanto formal como internamente. Mais, por outra parte, este método observou unha heteroxeneidade rica e plural.

7) As referencias literarias á poética finisecular francesa, ao post-simbolismo, ao modernismo rexeitado e mesmo ás actividades líricas dos coetáneos movementos vangardistas, as que acadaron unha maior presenza polo discurso de Correa, constituíron unha visión cosmolóxica que produciu unha diversificación absolutamente aberta, por unha banda, e anovadora, por outra.

A bohemia, por outro lado, serviu como código de utilidade nos “Poemas sinxelos”, como sinaleí, por exemplo en “Psalmos a unha muller qu’endexamais ha de ser miña”.

8) A súa dirección lírica foi froito á vez dun diálogo impresionista en virtude da proclamación intimista desa comentada percepción individualista dos

sentimentos da voz poética. Tal impresionismo literario, consciente dese privilexio sensitivo, atravesou un filtro que axiña quixo ser traducido nun conxunto de sensacións (impresións) poéticas.

9) Unha canle simbolista vertida na utilización das imaxes visuais desa fantasía lírica (elementos simbolizadores, en tanto), o que provocou a apertura, nun espacio suxestivo e emotivo, dun mundo significativo agachado no mesmo interior lírico.

Daquela, nun primeiro momento do plano concreto asistimos ao descubrimento dun sistema de orientacións espirituais (íntimas e individuais) e de carácter simbólico. O creacionismo desas imaxes, á par, cobrou unha tinteira simbolista da voz poética da mesma experiencia anterior ao subconsciente. E así a operatividade poética de tal sistema de símbolos implicou unha organización dese conxunto para, finalmente, nun segundo momento, referir de modo directo un significado totalizador desas imaxes aos sentimentos.

10) Un esencialismo presentado propiamente na mesma intención do título proposto polo Correa de “Poemas sinxelos”, como expuxen, o que mantivo un directo diálogo co privilexio desa sinxeleza lírica, fóra de canons e rupturista.

Nesa nova dirección íntima, sen embargo, a dobre realidade do elemento conceptual e da tensión intelectual outorgou unha canle de expresión centrada na cultura do momento estético da mesma produción do poemario.

11) Por iso o posterior impresionismo hilozoísta amadocarbaliano, o simbolismo creacionista de Manuel Antonio, o esencialismo de Roberto Blanco, a dimensión poética post-simbolista pimenteliana ou o mesmo vangardismo lírico de Acuña ou Montes, os cinco destinos literarios máis destacados do período xurdido trala instauración do nacionalismo de Galicia, proveñen dun útil e edificante diálogo establecido coas direccións do vangardismo de Risco e Correa (este o primeiro e articulado, como quedou constancia, xa a finais da década dos anos dez do século XX).

Emporiso a achega de Correa Calderón á literatura dunha Galicia predisposta á renovación e re-codificación das experiencias estéticas do vangardismo foráneo (onde están insertos os labores vangardistas dos Risco, Pimentel, Mosteiro, Bóveda, Montes, Amado, Cunqueiro, Bouza-Brey e Manuel

Antonio dos anos vindeiros) non pode ser considerada sen termos en conta o periplo viaxeiro do escritor neirés polos cenáculos do Madrid de comezos de século.

Pero se a introducción nas xuntanzas do *Café de Pombo* non pode ser desvinculada no período de formación do mozo Evaristo, xa que ademais de conectar con Gómez de la Serna o seu ingreso no círculo ramoniano fíxoo amigo dos intelectuais máis anovadores da España da época (Lorca, Alberti, Neville, Vando-Villar, Garfias, Gálvez), a amizade desenvolvida co sevillano Rafael Cansinos Assens sería a definitiva para a asunción dos criterios vangardistas daquela hora.

Non en van a actitude da vangarda de Correa tivo como antecedente inmediato o ultraísmo creado por un Cansinos que falaba da estadía madrileña de Huidobro en 1918 como “el único acontecimiento literario del año, porque con él pasaron por nuestro meridiano las últimas tendencias estéticas del extranjero” (cf. Bonet, 1996: 11).

Desta forma a conexión coas arelas de ruptura literaria tan en voga naqueles intres apareceu definida na etapa de formación do de Neira pola súa inclusión na *pleiade* do grupo de Cansinos, quen introduciu a Correa na redacción de *Los Quijotes*, a revista para a que o sevillano traduciu textos de *Horizon carré*.

Xa que logo, o vangardismo de Correa Calderón, vangardismo de primeira hora para a literatura galega, partindo das pautas ultraístas que impulsarían a creación da empresa *Ultra* por 1919, axuntou máis elementos: o baseamento modernista de corte rubeniano, as referidas recorrencias do post-simbolismo de Laforgue, Supervielle e Jammes, a incidencia do facer de Juan Ramón Jiménez, o programa estético dos epígonos da bohemia madrileña (fundamentalmente recollida do seu estreito contacto mantido con Xavier Bóveda), o interese polo franciscanismo bucólico e sinxelo da escola mindoniense de Antonio Noriega, a forza e a violencia do discurso literario de Pondal e o fundamental ruralismo derivado das lecturas de Rosalía. A mestura de todos estes elementos serviulle a Correa para a elaboración do seu propio programa estético e para a revelación da entrada da súa propia vangarda na literatura galega.

Tal interese de vangarda sería expresado de forma diáfana e case sen interaccións na peza “Porto”, documento publicado xa nun tempo de superación

dos anovadores ismos antecedentes e especialmente conectado co vangardismo manuelantoniano. O poema, aparecido no portelista xornal vigués *El Pueblo Gallego*, precedeu ao texto “A Estrela descoñecida” do poeta rianxeiro e asumiu a mesma aventura marítima do autor de *De catro a catro* baixo articulacións que nunca antes amosara o seu labor:

no mar d’absinte
aa foca de madeira
nascéronlhe aas,
aas brancas.

Nos paus do pailebot
fijo ninho a andurinha
da minha preguiza
viajeira


ao abril-a fenestra
do meio día
o albatros dourado
veuse a pousar no zenit

hurra ¡hérballo!
con berros de sireas
din adeus os marinheiros
ou co pano das velas.

o sol escacha nas vidreiras
con estrondo de lus
na auga hai un vieiro
que non sei para onde vai (Correa Calderón 1927 b).

Finalmente, e o que servirá para a posterior traxectoria literaria da nación, tampouco pode ser esquecida a achega dun Correa popularista, xermolo pioneiro da actitude de renovación dos Cunqueiro e Bouza-Brey mantedores do neotrobadorismo poético de tempos inmediatamente posteriores. Desta forma, despois de establecer relación cos referidos círculos vangardistas madrileños, un Evaristo estreitado coas pautas de acción de Pepe Moreno Villa, Federico García Lorca ou Rafael Alberti, seguindo o camiño do seu admirado Viqueira e non alleo ás tendencias que volvían expresar a vontade

popular na literatura logo do cansazo que provocou a asunción do vangardismo, vaise converter en tímido loador da nova tendencia. Estou a falar do Evaristo Correa de “Arte popular. Pra acompañamento de gaita, o lonxe” (Correa Calderón, 1920a), de “Cántiga nova. Ao modo do pobo” (Correa Calderón, 1921b) e de “Cantiga nova” (Correa Calderón, 1926). Nesta mesma liña e conscientemente emparentado cos intereses da recuperación medievalista atoparemos dous anos despois a edición do poemario *Ontes* (Correa Calderón, 1928a), inscrito no proxecto editorial Ronsel de Lugo.



2.3. *A revisión do programa lírico das vangardas de Galicia. Evaristo Correa Calderón como motor de arrinque e primeiro vangardista da literatura galega. A nova xeración galega ou xeración da vangarda*

Tradicionalmente sinalouse a existencia dun grupo xeracional galego situado inmediatamente despois da actuación sobranceira dos homes de Nós, os intelectuais da época *Nós*. A actividade do grupo veu marcada trala publicación dunha revista que refería o seu proxecto común, a revista ourensá *Nós* (Tarrío Varela, 1984: 105-116; 1988: 92; 1994: 199-207 e 1995: 31-47).

O espacio volveu ser a cidade de Ourense, aquela capital onde varios dos despois homes de *Nós* xa iniciaran o seu programa a través da revista *La Centuria*. A continuación e no espacio da cidade de Lugo vai xurdir outra empresa publicista, esta cunha definida vocación, senón enteiramente vangardista si con plena redacción dun diálogo entre as artes. Foi *Ronsel*, creada e financiada polo xa ex-vangardista Evaristo Correa Calderón de 1924.

Primeiro serviuse do subtítulo “Revista de Arte”, o que dá índice do mantemento do devandito diálogo, despois enarborou o de “Revista de la Nueva Generación Gallega”, cuño que manterá, polo menos, ata 1927, data da aparición daquela referida peza vangardista “Porto”.

Sen embargo e malia que a asignación da etiqueta xeracional fose colocada dentro do labor do *ronsel* Xesús Bal, quen ademais de sinalar a existencia dunha *xeración de 1925* (Bal y Gay, 1954: 29-40), dedicou o seu opúsculo *Hacia el ballet gallego* “para la nueva generación gallega” (Bal y Gay, 1924), o certo é que trala emisión do cuño *nova xeración galega* atopamos a función dun Evaristo Correa preocupado pola organización e sistematización dun grupo de intelectuais que actuasen definitivamente na consolidación da renovación do panorama cultural galego dos anos vinte.

Por iso é altamente significativa unha carta que Correa escribiu ao Bal residente en Compostela na que lle solicitaba a xestión dun certificado de estudos na secretaría da Facultade de Letras compostelá⁴. Na misiva o neirés expuxo ao lucense:

46

creo, querido Bal, qe. ha llegado el momento de hacer algo en serio p^a constituirse en nucleo la gente nueva, p^a dar forma corporativa a la N.G.G. Tu, que tienes juventud, vagar y entusiasmo, podrías llevarlo a cabo. Hay gente disociada, dispersa, qe. no rinde eficiencia política, en un momento determinado, por eso. Montes, con una cierta autoridad de distancia, con un cargo como es el de Profesor, podría ser entre todos nosotros, el Presidente. ¡Manos a la obra! Hay qe. dar la batida a los viejos, esos viejos cascarrabias.

Ya habrás visto la pérdida qe. hemos tenido con la muerte de Amado Carballo. ¡Se nos están yendo los mejores! (cf. ARE, secc. “Archivo Bal y Gay”, núm. 5).

⁴ Con respecto á datación do documento creo oportuno sinalar que, aínda que non posúe data expresa, foi redactado en setembro de 1927. As razóns para tal situación cronolóxica non son outras que Evaristo se matriculou das súas derradeiras materias da licenciatura en abril do 27, Amado faleceu en 3/09 dese mesmo ano e nel especificouse a circunstancia de estar Correa no “campo”, isto é, transcorrendo o período estival en terras de Neira, como era habitual. Debo agradecer a cesión da referida carta á amabilidade de José García-Velasco, director da madrileña Residencia de Estudiantes.

Por esta carta descubrimos a paternidade da *nova xeración galega* que tivo lugar no sentido organizativo do Correa da empresa lucense *Ronsel* e foi levada, a continuación, ás páxinas de *El Pueblo Gallego* de Vigo na época na que formaba parte da súa redacción. Finalmente, cedida a referida organización xeracional, foi explicada como *xeración de 1925* polo Bal do exilio mexicano (aínda que, como deixei constancia, xa naquel 1924 utilizara o cuño para a dedicatoria do seu primeiro traballo).

Ramón Villar Ponte foi quen estableceu en 1951 a etiqueta de *xeración de 1916* (Villar Ponte, 1977). Os referidos polo viveirense foron os líderes do proxecto culturalista da Galicia do primeiro tercio do século XX, xurdido trala creación da Real Academia Gallega e da primeira *Irmándade da Fala*. Desta forma, os nomes alí compilados foron os do seu irmán Antón, Cabanillas, Cotarelo, Porteiro, Quintanilla, Blanco Torres, Viqueira, Manuel Antonio e Amado Carballo.

Francisco Fernández del Riego (1933: 9-11; 1951: 147-148; 1954: 206-209 e 1959: 16-21), pola súa banda, falou dunha agrupación da que o Ricardo Carballo de *Historia da literatura galega contemporánea* íase facer eco (cf. Carballo Calero, 1963) como estreitada coa acción fundamental dos *nós* e establecida arredor de 1900 como ano nuclear de nacemento dos seus compoñentes, o que mesmo serviu para dar nome ao grupo xeracional.

E se o referido Fernández del Riego, a través de “O movemento novo da cultura” falaba en 1934 dunha “avangarda ilustre” composta polos faceres de homes como Amado, Manuel Antonio, Montes, Correa, Bal, Otero Espasandín, Blanco-Amor, Augusto M^a Casas, Pimentel, Sigüenza, Dieste, Maside, *Johán Carballeira*, Bouza-Brey e Álvaro de las Casas (cf. López Fernández, 1997: 206), Roberto Blanco (1930: 36-46) foi o que estableceu un “ciclo juvenil de la literatura gallega contemporánea” que “comienza en 1924”, proponendo tal data, sen dúbida, pola emisión da luguesa revista *Ronsel*. Manuel María (1990), seguindo os criterios xeracionais marcados por Méndez Ferrín, falaría dunha *xeración de 1925* (cf. Méndez Ferrín, 1970: 7-15 e 1984), López Casanova (1990: 15-37 e 1991: 14-16) sinalaría o mesmo grupo coa etiqueta de *xeración de 1922* e López Fernández (1997: 197-209) sería a que recollese para tal agrupación cultural o propio sintagma de Correa, onde loxicamente situou a presenza e a acción de Evaristo.

Polo tanto, tentando salientar a dimensión analítica do escritor de Neira de Rei, amais do seu protagonismo dentro da pioneira aplicación dos canons vangardistas na literatura de Galicia, creo conveniente asignar a devandita etiqueta *nova xeración galega* ou, máis especificamente, xeración da vangarda, para a conformación dunha entidade xeracional caracterizada pola súa tendencia renovadora e situada nos comezos do século XX.

Para tal fin é primordial o artigo “Manifesto aa nova xeración galega” (Correa Calderón, 1925b). Aí se Correa quixo procurar a reunión de intelectuais dominados por un proxecto renovador común, a súa *nova xeración galega* apareceu explicada en virtude das consecuencias do seu contacto inmediatamente anterior co grupo madrileño de Cansinos. Non esquezamos que o creador do ultraísmo español desenvolveu unha idéntica preocupación constitutiva, na que ademais utilizou unha actitude de necesidade rupturista coa tradición modernista rubeniana, tan asentada na literatura española do momento, insistindo na re-codificación dos intereses literarios hispánicos (Cansinos Assens, 1925: 6-46). Esta onda foi a que Correa despregou para a formulación dese seu grupo xeracional.

48

Naquel chamamento de 1925, polo que accedemos por vez primeira á delimitación específica do grupo xeracional que tentou impulsar e unificar o de Neira de Rei, amais de manifestar as súas preocupacións encol da lingua, así como de cualificar o labor literario antecedente pola toma de conciencia historicista a nivel da fala, Evaristo Correa expuxo que

ha uma nova geração em Galiza, um-a nova geração d'espritos, ajuntados por um-a estédiga común, por um-a somelhante visión das cousas do noso tempo, por un entendimento igual dos nosos problemas, e a esta me dirijo.

Mentras os mais durmen, ista nova generación está desperta e espreitante. Galiza, a nosa terra ben amada, tén n-estes espritos esculcantes, o desacougo que percisa pra a vida. N-eles na sua intelhencia e vountade, está o grorioso porvir da terra.

Galiza non é mais que um-a canteira! Para remover o seu antigo estatismo téense de empregar a violencia, para que despois poda comezarse a labor de construír. A dinamita enentes que o martelo do canteiro! Que co-a materia morta podéramos erguer un moimento vivo, un Arco de Trunfo, un Pórtico da Groria, isa debería ser a nosa arela cotián!

... Poucos somos. Un en cada povo, en cada cibdade. Fican os ollos abraiados ao ver o probe peisaje espiritual da nosa terra. Mais, para creare un povo abonda un adalide, uns cantos espritos júrdios, s'eles tenhen um-a violenta ferverza no peito.

... Os homes de boa fé, os que non tenhen vountade de seu, virán polo noso vieiro, vieiro da Espranza, estrada da Liberdade.

Ja canta o galo para o día!

Poeta mozo e velho investigador, pintores e imagineiros, xornalistas e cabezaleiros das moitedumes, espritos ardentes da Galiza, ajuntémonos, non pol-a idade senón pol-a idealidade!

A canteira está agardando a nosa mau e a nosa mente!

A Terra e o Novecentos nos chama! (Correa Calderón, 1925b).

Desta forma, o protagonismo dun Correa caracterizado polas constantes vangardistas do rexeito á tradición, da loanza ao rupturismo e á innovación, da petición dun agrupamento cultural e da exhibición dunha violencia estética fortemente asida a un criterio nacionalista aparelado a un criterio atlantista, observou unha entidade proxectada á produción de non poucos textos de manifesto antes do emblemático documento *¡Máis alá!* de 1922, xa precedido por semellante actitude un ano antes (cf. *A Nosa Terra*, 1921, onde se reproduciu o manifesto asinado por Manuel Antonio e Xavier Soto, aparecido en folla voandeira en Vigo e polo que solicitaban o activismo dunha “Nova Civilización”).

49

De todos os manifestos emitidos por Correa durante a segunda década do século XX tanto en *La Idea Moderna* como en *A Nosa Terra* quizais sexa un de 1918 o máis significativo. Nel atópanse estas consideracións:

temos de dare á literatura galega d'oxe, un senso novo e actual.

Non debemos tratar de conquistar tamen qu'a lingua galega sexa elástica e dútil, pra cincelar n-ela as novas Formas, as novas Ideias.

Por sobor das opinións dos vellos, de qu'o galaico, debe quedar no século XIX nós creemos que ll'hai que dar tódal-as verbas precisas d'ogano, inda qu'elas sexan portuguesas ou francesas ou italianas.

Se non movésemos as augas podres da poza —o galego era com'unha poza— a auga chegaría a estar morta. O galego sería despois unha cousa tradicional e lexendaria, que iría desaparecendo como a gaita ou os costumes de guardarropía...

Nos, c'adouramos ista vella fala, com'a adourara denantes o Rey Sabio —“enorme e delicado o mesmo qu'a Edade Media— quixéramos darlle unha nova espresión, un matiz endescoberto, âs verbas que non ten. A literatura e o arte han de tér unha estética actual pra ser eternos. Sería ausurdo que seguísemos falando o galego do século XIX.

Estaba ben... pra aquel tempo.

Debemos contribuíre a dare unha modernidade precisa a ista fala d'ouro e de ferro.

Sempre é bon, qu'unha lingua teña as verbas necesarias pra s'espresar falando d'economía, ou d'industria ou de labranzas ou de problemas internacionais, e tamén pra facer n-ela as bellas i estranas formas, cheas de fermosura (Correa Calderón, 1918i)⁵.

⁵ Mais aquel documento non foi o único ao respecto da petición dunha renovación lingüística no eido galego. Arredor dos dictados inmersos no nacionalismo emerxente do seu momento e contando coa xeneralizada óptica de debate articulada encol dos problemas lingüísticos, Correa definiu as pautas da súa pretendida renovación idiomática sempre invocando á entidade de ruptura como necesaria na evolución literaria de Galicia. En “Divagacións sobre a modernidade do galego”, nunha órbita parella á desenvolvida naqueles seus “Poemas sinxelos” Evaristo Correa confesou:

eu creio que â nosa ortografía debe dársell'a maior sinxeleza e modernidade posibles.

A maneira ortográfica resucitada por Johan Viqueira que xa fora empregada n'outro tempo por Pondal —pra mín o meirande poeta galego— é a que mellor me soa. Pro é a mais difícil.

Dende logo é a mais moderna.

Empregando iste sistema ortográfico staríamos mais preto de Portugal (Correa Calderón, 1919d: 5).

O lusitanismo agachado trala sublimación dun idioma no que primaría a lingua falada, ao xeito de Azorín e do seu amigo Carracedo, porque “o idioma puro recóllese dos beizos do pobo”, conduciu ao ideal da renovación lingüística do galego, xa que “sendo uns fervorosos dos nosos crásicos, nós deberíamos modernizar-a lingua que empregaron eles” despois de aprender “o idioma aldeán”. Nesa intención descubriu, co privilexio dunha apertura “ô Mundo”, a acción dos “homes novos” (xerme da posterior *nova xeración galega*): “un día faláball'eu a Antón Villar Ponte, d'isto mesmo, e díxome que iso debíanos facer individualmente os homes novos”. A recuperación idiomática da que falou Evaristo Correa apareceu definida a través de dúas canles, dous motivos despois aludidos constantemente polo neirés: “facendo homes novos pirmeiro” e “spallando despois as ideas i-as inquietús d'ises homes novos”, isto é, sementando os valores anovadores e rupturistas desa *nova xeración galega*. Posteriormente o Evaristo Correa redactor de *El Pueblo Gallego* seguiría a defender os seus xa emitidos criterios ao respecto da renovación lingüística da nación. Así, ben como resposta a confesadas críticas xurdidas despois da aparición da súa novela *Concepción Singela d'o Ceo*, nun artigo polo que referiu que “en ella ponía en práctica mi antiguo y afirmado criterio de que es preciso una reforma en la ortografía del idioma gallego, sino ha de perecer en una inevitable consunción”, ben como privilexio da súa pioneira actitude, ben como mantemento do seu discurso antecedente, Correa sinalou:

algunos de estos hombres —entre ellos el pobre Johan Viqueira, sabio y bueno, nuestro más fuerte “espíritu de finura”— comprendieron que era preciso dar al gallego una elasticidad en correspondencia con el tiempo.

El malogrado Viqueira decía, glosando palabras nuestras:

“Temos que crear o galego do noso século!” (Correa Calderón, 1925a),

o que, efectivamente, confirman as verbas do Viqueira de 1919 (cf. Viqueira, 1919: 4-5).

Todos os anteriores criterios, por tanto, encerran unha directa relación cos exhibidos ao respecto da necesidade para Galicia da construción dun grupo de “homes novos”, xa referido, que viría ser definitiva para o impulso cultural da nación (Correa Calderón, 1919d: 5), solicitude que Correa compartiu co Risco petionario da conservación da “tradición galega” en aras da contribución a unha “civilización universal” que se vise apoiada nunha “Galicia futura” (Risco, 1919).

Xulio Pardo de Neyra

Bibliografía e fontes documentais

A Nosa Terra, “Lugo-Coruña-Monforte-Vilalba. Unha xornada gloriosa e patriótica. Galicia pol-a vez primeira fala c’oa sua lingua” (art. editorial), *A Coruña*, nº 9, 6/02, 1917a, pp. 1-3.

———, “Peneirando” (art. editorial), *A Coruña*, nº 19, 20/05, 1917b, p. 7.

———, “As Irmandades da Fala. Fe de vida” (art. editorial), *A Coruña*, nº 21, 10/06, 1917c, p. 8.

———, “Peneirando” (art. editorial), *A Coruña*, nos 28-29, 30/08, 1917d, pp. 10-11.

———, “Novas da causa” (art. editorial), *A Coruña*, nº 30, 10/09, 1917e, p. 6.

———, “Creación d’ unha Irmandade da Fala en Madrid” (art. editorial), *A Coruña*, nº 32, 30/09, 1917f, p. 3.

———, “Folleando papés” (art. editorial), *A Coruña*, nº 45, 10/02, 1918, p. 5.

———, “O nazionalismo galego en Madrid” (art. editorial), *A Coruña*, nº 137, 31/03, 1921a, p. 7.

———, “De Vigo. Terra ceibe. Aos bos galegos” (art. editorial que recolle o manifesto de Manuel Antonio e Soto), *A Coruña*, nº 142, 15/06, 1921b, p. 5.

Arquivo do pazo de Vilardomonte (APV): secc. “Correa Calderón”.

Arquivo da Residencia de Estudiantes (ARE): secc. “Archivo Bal y Gay”.

Bal y Gay, X., *Hacia el ballet gallego*, Lugo: Ronsel, 1924.

_____, “Peregrinación al márgen”, *Alfar*, A Coruña, nº 57, abril 1926, pp. 16-17.

_____, “La Generación Gallega de 1925”, in VV. AA., *Presencia de Galicia en México*, México: Ediciones del Patronato de la Cultura Gallega, 1954.

Blanco Torres, R., *De esto y de lo otro*, A Coruña: Nós, 1930.

Bonet, J. M., “Fragmentos sobre Rafael Cansinos-Assens y *El movimiento VP.*”, in R. Cansinos Assens, *El movimiento VP.*, Madrid: Hiperión, 1978.

_____, *Diccionario de las vanguardias en España, 1907-1936*, Madrid: Alianza Editorial, 1995.

_____, “Baedeker del ultraísmo”, in VV. AA., *El ULTRAÍSMO y las artes plásticas*, València: IVAM, 1996, pp. 9-58.

Cansinos Assens, R., *La nueva literatura. I. Los hermes (1898-1900-1916). Colección de estudios críticos*, Madrid: Editorial Páez, 1925.

_____, *La novela de un literato, 2 (Hombres-Ideas-Efemérides-Anécdotas ...). 2. 1914-1923*, Madrid: Alianza Editorial, 1996.

52 _____, *El movimiento VP.*, Madrid: Viamonte (reed.), 1998.

Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1963.

Carré Aldao, U., *El periodismo lucense. Monografía histórica*, Lugo: La Idea Moderna, 1917.

Correa Calderón, E., “Es el amor una quimera”, *El Eco de Santiago*, marzo, APV, secc. “Correa Calderón”, 1915.

_____, “Glosario al paisaje y a las cosas”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8064, 18/10, 1917a.

_____, “Glosario al paisaje y a las cosas”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8068, 23/10, 1917b

_____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 43, 20/01, 1917c, p. 5.

_____, “Nazionalismo galaico. Os novos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nos 40-41, 30/12, 1917d, p. 4.

_____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 43, 20/01, 1918a, p. 5.

- _____, “Os Poemas da Esaltazón. A carne”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 46, 20/02, 1918b, p. 3.
- _____, “O cantar do grilo”, “A tristura do enfermo no Outono”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8182, 26/02, 1918c.
- _____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 51, 10/04, 1918d, p. 4.
- _____, “O home dos cadelíños”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8279, 27/06, 1918e.
- _____, “Berros de loita. Xustificación”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nos 67-68, 30/09, 1918f, p. 6.
- _____, “Motivos sencillos”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8397, 27/06, 1918g.
- _____, “La Hetaira Loca”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8404, 9/12, 1918h (repr. in E. Correa Calderón, *Grecia. Revista de Literatura*, Sevilla, nº 21, 10/07, 1919, pp. 6-7).
- _____, “Os raros i-os novos. Páxinas estranxeiras”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 76, 25/12, 1918i, p. 5.
- _____, “Motivos sencillos. Palabras liminares”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8450, 6/02, 1919a.
- _____, “El nocturno lírico”, *Grecia. Revista de Literatura*, Sevilla, nº 9, 15/02, 1919b, p. 8.
- _____, “Motivos sencillos. Palabras liminares”, *La Idea Moderna*, Lugo, nº 8463, 21/02, 1919c.
- _____, “Divagación sobre a modernidade do galego”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 100, 15/09, 1919d, pp. 4-5.
- _____, “Arte popular. Pra acompañamento de gaita, o lonxe”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 109, 1/01, 1920a, p. 12.
- _____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 216, 20/08, 1920b, pp. 1-2.
- _____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 218, 5/09, 1920c, p. 7.
- _____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 128 (2ª época), 25/09, 1920d, p. 8.
- _____, “Divagación sobor do sentimento nazonalista. Conferencia de Correa-Calderón, Lída na Irmandade da Cruña o 29 de Outono de 1920”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nos 130-131, 5/11, 1920e, pp. 1-4.

_____, “Poemas sinxelos”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 133 (2ª época), 1/02, 1921a, p. 8.

_____, “Cántiga nova. Ao modo do pobo”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 136 (2ª época), 15/03, 1921b, p. 7.

_____, “Algunas reformas en la ortografía del gallego”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 355, 19/03, 1925a.

_____, “Manifesto aa nova generazón galega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 463, 25/07, 1925b

_____, “Cantiga nova”, *Rexurdimento*, Betanzos, xaneiro 1926, p. 6.

_____, “Arela do Neno Doente”, *La Gaceta Literaria*, Madrid, nº 1, 1/01, 1927a, p. 3.

_____, “Porto”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, nº 1105, 21/08, 1927b.

_____, *Ontes*, Lugo: Ronsel, 1928a.

_____, “Enlaces literarios de Galicia y Portugal”, *La Gaceta Literaria*, Madrid, nº 45, 1/11, 1928b, p. 6.

54 _____, “Cincuenta años después (pequeña historia de una revista)”, *Ronsel. revista de Arte. Número conmemorativo del cincuentenario de su publicación (1924-1974)*, Vigo: Artes Gráficas Galicia, 1975.

El Progreso, “Los de la ‘Fala’” (art. editorial), Lugo, 30/01, 1917.

Fernández del Riego, F., *Índice cultural e artístico do renacemento galego. Conferencia dita no “Grupo Galeguista” de Vigo o 16 de xulio do 1933*, Santiago de Compostela: Nós, 1933.

_____, *Historia de la literatura gallega*, Vigo: Galaxia, 1951.

_____, *Galicia no espello*, Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1954.

_____, *Galicia y nuestro tiempo (La obra de una generación)*, Buenos Aires: Ediciones Citanía, 1959.

Friedrich, H., *Estructura de la lírica moderna*, Barcelona: Seix Barral, 1974.

Gómez de la Serna, R., *La Sagrada Cripta de Pombo*, Madrid: Trieste (reed.), 1986.

González López, E., “Fermín Penzol e a “Mocidade Céltiga” de Madrid”, *Grial*, Vigo, nº 73, xullo-agosto-setembro 1981, pp. 348-350.

La Idea Moderna, “Propagando el galleguismo. El acto de ayer” (art. editorial), Lugo, 29/01, 1917.

López Casanova, A., *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba*, Vigo: Galaxia, 1990.

_____, “Actividad vanguardista y poética de ruptura (La generación del 22 en la literatura gallega)”, *Ínsula*, Madrid, n° 529, xaneiro 1991, pp. 14-16.

López Fernández, M.T., “Aproximacións á vangarda poética de preguerra”, in B. Fernández Salgado (ed.), *Proceedins of the 4th International Conference on Galician Studies. Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos. In memoriam Emilio González López 1903-1991*, Oxford: Centre for Galician Studies, vol. II, 1997, pp. 197-209.

Manuel María, “Poetas entre a tradición e a modernidade. Luís Amado Carballo e a súa escola poética”, in I. Alonso Estravís (dir.), *Historia da Literatura Galega*, Vigo: A Nosa Terra-AS-PG, 1999, pp. 865-896.

Méndez Ferrín, X.L., limiar a L. Amado Carballo, *Obras en prosa e verso*, Vigo: Edicións Castrelos, 1970, pp. 7-15.

_____, *De Pondal a Novoneyra: poesía galega posterior á guerra civil*, Vigo: Xerais, 1984.

55

Otero Pedrayo, R., *Pelerinaxes I*, A Coruña: Nós, 1929.

Pardo de Neyra, X., “Vanguardismo poético de Galicia. Evaristo Correa Calderón e a súa revista *Ronsel* ollados dende a celebración de senllos cabodanos”, *La Voz de Galicia*, secc. “Culturas”, A Coruña, 13/07, 1999.

_____, “Evaristo Correa Calderón no sistema galeguista do primeiro tercio do século XX: o ideario correano do *atlantismo* como resposta ó *mediterraneanismo* hispánico”, *I Simposio Internacional de Estudos Célticos*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2000 (en prensa).

Paz-Andrade, V., *Castelao na luz e na sombra*, Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1982.

Phillips, A.W., *En torno a la bohemia madrileña. 1890-1925. Testimonios, personajes y obras*, Madrid: Celeste Ediciones, 1999.

Piñeiro, R., “A personalidade política de Fermín Penzol”, *Grial*, Vigo, n° 73, xullo-agosto-setembro 1981, pp. 279-288.

Regramento das “Irmandades da Fala”. *Irmandade de Lugo*, A Coruña: Imp. de La Papelera Gallega, 1918.

Risco, V., “Da nazionalización galega. Cosmopolitismo e universalismo”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 98, 25/08, 1919, p. 5.

Tarrío Varela, A., “Lembranza da Xeración Nós”, in VV. AA., *I Xornadas da lingua galega no ensino*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984, pp. 105-116.

_____, *Literatura gallega*, Madrid: Taurus, 1988.

_____, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Xerais, 1994.

_____, “Rafael Dieste na *Época Nós*: contra as ‘esencias’”, in A. Casas (coord.), *Tentativas sobre Dieste*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995, pp. 31-47.

Villar Ponte, R., *A xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño do 1951, na súa recepción, por don Ramón Villar Ponte e resposta de don Ramón Cabanillas Enríquez*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 1977.

Viqueira, J. V., “Da renascenza lingüística”, *A Nosa Terra*, A Coruña, nº 77, 6/01, 1919, pp. 4-5.